



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 19 DE ABRIL DE 2021

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00016085C.

Aprobación de actas de sesión anteriores.

Apróbanse as actas correspondentes ás seguintes sesións:

- Ordinaria celebrada o día 1 de marzo.
- Extraordinaria-urxente celebrada o día 1 de marzo.
- Ordinaria celebrada o día 8 de marzo.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: LIC/2065/2019.

Denegar a legalización e ampliación de vivenda.

Denégase a LEGALIZACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIVENDA situada no LG RIAL DE LARAÑO de conformidade ca resolución desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 10/02/2021.

3. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: xob/166/2020.

Aprobación do proxecto de “Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela.

Apróbase o proxecto técnico de Rexeneración asfáltica en varios puntos da cidade de Santiago de Compostela presentado no Rexistro Xeral do Concello de Santiago con data na data 08.04.2021 (nº rexistro 2021014560) pola empresa Consultores e informadores Locales SL. O orzamento máximo de licitación é de **829.691,98** euros.

Divídese en dous lotes, cun prazo de execución de cada un dos lotes, que se executarán de forma simultánea, de 4 meses.

Lote I: 4 meses. Os viais nos que se pretende actuar son os seguintes:

- Rúa da Agriña de Amio
- Rúa da Cima da Eira
- Rúa das Barreiras
- Rúa de Picaños
- Rúa Agra da Garrida
- Yáñez
- Rúa do Lindeiro
- Rúa dos Porróns
- Rúa da Ponte do Sar – Rúa do Cruceiro do Sar
- Rúa de Betanzos

O importe total da actuación ascende a 399.691,98 euros, IVA incluído.

Lote II: 4 meses. Os viais nos que se pretende actuar son os seguintes:

- Rúa de Bermejo
- Rúa de Suarribas
- Rúa de Eslovenia
- Rúa de Polonia – Rúa de Amio
- Rúa da Campiña
- Rúa do Bidueiro
- Rúa da Granxa do Castiñeiriño
- Rúa de Torrente – Rúa da Ponte da Rocha

O importe total da actuación ascende a 430.000,00 €, IVA incluído.

4. XESTIÓN URBANÍSTICA. Referencia: XPL/2/2016.

Aprobación definitiva do Proxecto de urbanización do P-40. Rocha.

Apróbase definitivamente o Proxecto de urbanización do polígono de solo urbano non consolidado número 40 (Rocha-Churruchao), promovido por PROMOCIONES ROX 98 S.L, coas seguintes condicións:

1. O documento que se somete a aprobación definitiva é o presentado con data 25.05.2020, coas modificacións que resultan do Anexo presentado o 25.02.2021.
2. Con carácter previo ao inicio das obras e, de ser o caso, durante o proceso de execución, haberán de cumprirse as condicións recollidas na resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 2.11.2020.
3. Antes de iniciar as obras de urbanización, o promotor deberá constituír a garantía esixida polo artigo 230 do Regulamento da Lei do solo de Galicia, cun importe do 10% do orzamento de execución material. Para este efecto, achegarse un orzamento refundido, que inclúa os presupostos achegados por Unión Fenosa e as actuacións previstas no Anexo.

O acordo notificarase persoalmente a todos os interesados e publicarase no Boletín Oficial da Provincia.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/11/2019.

Aprobación do expediente denominado Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase:

Primeiro: Autorizar a elevación do número de anualidades máximas previstas no artigo 174 do TRLRFL, xa que se fai necesario fixar un período de dez anos para o servizo para recuperar as inversións esixidas.

Segundo: Acordar a aprobación do expediente denominado *Servizo de recollida de lixos e limpeza viaria do Concello de Santiago de Compostela. LOTE I e LOTE II* e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de **90.406.712 euros** para o lote I e de **4.169.565 euros** para o lote II IVE aparte. O IVE correspondente (10% das cantidades anteriores) ascende a 9.040.671 euros e 416.956 euros, respectivamente.

O importe resultante desta contratación satisfarase con cargo aos orzamentos do Concello de Santiago de Compostela, tramitándose este expediente como anticipado de gasto, e quedando condicionado, polo tanto, á súa inclusión no exercicio orzamentario 2021.

Aplicación orzamentaria 020 16210 2270000 **xestión de residuos**

Lote I

Anualidade 2021: 1.404.445,67 euros
Anualidade 2022: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2023: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2024: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2025: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2026: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2027: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2028: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2029: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2030: 5.617.782,68 euros
Anualidade 2031: 4.213.337,01 euros

Lote II

Anualidade 2021: 114.663,04 euros
Anualidade 2022: 458.652,15 euros
Anualidade 2023: 458.652,15 euros
Anualidade 2024: 458.652,15 euros
Anualidade 2025: 458.652,15 euros
Anualidade 2026: 458.652,15 euros
Anualidade 2027: 458.652,15 euros
Anualidade 2028: 458.652,15 euros
Anualidade 2029: 458.652,15 euros
Anualidade 2030: 458.652,15 euros
Anualidade 2031: 343.989,11 euros

Aplicación orzamentaria 020 16210 2270800. **Lote I: limpeza viaria**

Anualidade 2021: 1.081.738,91 euros.
Anualidade 2022: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2023: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2024: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2025: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2026: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2027: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2028: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2029: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2030: 4.326.955,64 euros.
Anualidade 2031: 3.245.216,73 euros.

Unha vez o crédito sexa habilitado ou se atope en situación de dispoñible, polo Servizo de Contratación someterase proposta a esta Xunta do Goberno de aprobación do gasto, sempre tras ser sometida á fiscalización previa da Intervención municipal.

6. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/41/2020.

Deixar deserta a licitación do servizo mantemento SELECT das aplicacións informáticas BENTLEY POWERMAP e MICROSTATION de Bentley Systems International Ltd (CON/41/2021).

Acórdase deixar deserta a licitación do servizo mantemento SELECT das aplicacións informáticas BENTLEY POWERMAP e MICROSTATION de Bentley Systems International Ltd xa que o único licitador invitado a participar neste procedemento, por estar en posesión dos dereitos de exclusiva da aplicación sobre a que se pretendía contratar o seu mantemento, non presentou oferta.

Este expediente tramitouse como anticipado de gasto, quedando condicionado a aprobación do

Departamento de Prensa. Tfno: 981 54 31 09. Fax: 981 58 96 88. E-mail:
prensa@santiagodecompostela.org

orçamento 2021, polo que non se formalizou ningunha reserva de crédito para os efectos do seu financiamento

7. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/184/2004.

Devolución de fianza “Asistencia técnica para a realización dos traballos de Modificación do CATASTRO URBANO”

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, EIBISA NORTE, S.L., por importe de 7.960,00 euros (Avalista: BANKINTER SA) para responder do contrato de “Asistencia técnica para a realización dos traballos de Modificación do CATASTRO URBANO” . CON/184/2004 .

8. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/24/2016.

Devolucion de fianza “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17”

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, SERUNION, S.A., por importe de 39.008,02 euros (Avalista: BANKINTER, SA) para responder do contrato de “Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17”. CON/24/2016

9. EMPREGO. Referencia: 00015941Z.

Aceptación da subvención da Consellería de Emprego e Igualdade, ao abeiro da Resolución do 14 de decembro de 2020 para a contratación de mulleres que sofren violencia de xénero, para o exercicio do ano 2021.

Coa finalidade de dispoñer dos recursos necesarios para acometer a contratación das 6 traballadoras, acórdase:

Primeiro.- Aceptar a subvención da Secretaria Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade, de 3 de marzo de 2021, na que see concede ó Concello de Santiago subvención por importe de 144.383,40 €, para a contratación de 6 traballadoras, cas seguintes condicións:

Nº traballadores	Ocupación	Formación	Período	Xornada Laboral	Importe
1	Técnico/a administrativo/a apoio	Titulación superior	12 meses	100 %	32.631,48 €
2	Administrativo/a de apoio	FP 2 Grao/Bacharelato	12 meses	100%	48.963,36 €
2	Aux. Administrativo/ade apoio	FP 1 Grao /ESO /Graduado Escolar	12 meses	100 %	42.435,12 €
1	Uxier de apoio	FP 1 Grao/ESO/ Graduado Escolar	12 meses	100%	20.353,44 €
TOTAL					144.383,40 €

Segundo.- Que a aprobación do gasto quede supeditada á habilitación de crédito mediante a correspondente modificación orzamentaria, en base ao compromiso de ingreso da subvención da Secretaria Xeral da Igualdade da Consellería de Emprego e Igualdade:

DESGLOSE DO ORZAMENTO DO PROXECTO POR ANUALIDADES (2021 – 2022)			
ENTIDADE	ORZAMENTO		
	2021	2022	TOTA
CONSELLERIA DE EMPREGO E IGUALDADE (100 % custos salariais)	96.255,60 €	48.127,80 €	144.383,40 €
CONCELLO SANTIAGO (Indemnización fin contrato))	0,00 €	3.610,25 €	3.610,25 €

Terceiro.- Comprometerse a consignar no orzamento de 2022 o credito axeitado e suficiente para poder facerse cargo dos custes de indemnización por fin de contrato por importe de 3.610,25 €.

10. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 2.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por AYTOS SOLUCIONES INFORMATICAS, SLU, con CIF núm. B41632332, en concepto de mantemento do aplicativo SICALWIN correspondente aos meses de xaneiro e febreiro de 2021.

Acórdase:

- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL DOUSCENTOS VINTE E NOVE EUROS CON CATORCE CÉNTIMOS (4.229, 14€), segundo facturas F/2021/336 e F/2021/826 que figuran no expediente, en concepto de mantemento do aplicativo sicalwin, correspondente aos meses de xaneiro e febrero de 2021.
- Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. GRUPO DE GOBERNO. Referencia: INF 1.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda da factura emitida por ACUNTIA S.A., con CIF A80644081, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do Concello de Santiago correspondente ao mes de xaneiro de 2021.-

Acórdase:

- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL TRRESCENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON VINTESETE CÉNTIMOS (4.382,27€), segundo factura F/2021/578 que figura no expediente, en concepto de servizo de operación e mantemento da rede de datos do concello de Santiago correspondente ao mes de xaneiro de 2021.
- Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU021.

Proposta de nomeamento de representante municipal na Comisión de Escolarización para o curso 2021-2022.

Acórdase nomear ao concelleiro delegado de Educación como representante municipal

na Comisión de escolarización para o curso 2021-2022 e, como suplente á directora do Departamento de Educación.

13. EDUCACIÓN. Referencia: 2021/EDU020.

Servizo de xestión da Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela: compensación pola aplicación da exención de taxas ás familias numerosas no mes de febreiro de 2021.

Acórdase que procede a tramitación das facturas de referencia (F2021/836), procedendo ao pago a Trobeiro S.L. da cantidade de 2.639,05 euros, en concepto de indemnización por cantidades non cobradas no mes de febreiro de 2021 debido ao acordo de exención ás familias numerosas tomado polo Concello de Santiago.

14. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00015949E.

Aprobación da solicitude de subvención á Deputación da Coruña para o programa REDE CULTURAL 2021.

Acórdase:

1.-Aprobar solicitar á Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da convocatoria da programación da Rede Cultural para o ano 2021, as actuacións enumeradas a continuación para o Departamentos de Centros Socioculturais coa inclusión de actuacións o aire libre, garantindo tódolos protocolos relacionados coa situación COVID-19, tal e como especifica a convocatoria no B.O.P de este ano.

2.-Aprobar solicitar unha subvención para o programa REDE CULTURAL 2021 por importe de 3.232,35 € para as actividades relacionadas no cadro anterior, que suman un total de 10.774,50 € . Estes 3.232,35 € corresponden o 30 % do total según bases da subvención.

3.-Aprobar a achega municipal do Departamento de Centros socioculturais por importe de 7.542,15 € e a pertinente retención de crédito.

4.-Solicitar unha retención de crédito para o Departamento de Centros Socioculturais pola cantidade de 10.774,50 € para cubrir os gastos totais correspondentes o programa da REDE CULTURAL 2021

15. CENTROS CÍVICOS. Referencia: 2021/00016250R.

Solicitude solicitude da subvención á Consellería de Cultura, Educación e Universidade para o programa “LER CONTA MOITO 2021”.

Apróbase solicitar á Consellería de Cultura Educación e Universidade a subvención para o programa LER CONTA MOITO 2021 por importe de **4.000 €**, para as salas da biblioteca José Saramago do:

- Centro sociocultural de Vite
- Centro sococultural de Fontiñas
- Centro sociocultural de Conxo
- Centro sociocultural de Santa Marta

Unha vez notificada a resolución definitiva de concesión ás entidades interesadas, os beneficiarios disporán de un prazo de 10 días para que a súas bibliotecas seleccionen as actividades de animación a lectura que van realizar polo importe concedido, no catálogo ler conta moito 2021, que a Dirección Xeral de Políticas Culturais ten a súa disposición na páxina <http://rbgalicia.xunta.gal>

16. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2021/00016085C.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Dase conta das resolución de datas 9 a 15 de abril de 2021.

URXENCIAS

17. CONTRATACIÓN. Referencia CON/7/2020.

Aprobación do expediente denominado “Execución das obras de rehabilitación do palacete da Finda do Espiño para equipamento municipal, cultural e administrativo. Operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado-EDUSI e a apertura do procedemento.

Apróbase o expediente denominado “Execución das obras de rehabilitación do palacete da Finca do Espiño para equipamento municipal cultural e administrativo (operación incluída na Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado- EDUSI) e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 1.209.657,85 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 254.028,15 euros. O importe total é de **1.463.686** euros, cun período de execución de 12 meses.

18. CONTRATACIÓN. Referencia: CON/20/2020.

Aprobación do expediente do gasto e apertura do expediente denominado “Prestación do servizo de dirección facultativa das obras de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal. CON/20/20.

Apróbase o expediente denominado “Prestación do servizo de dirección facultativa das obras de rehabilitación do Palacete do Espiño para equipamento municipal”, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 84.954,02 euros IVE aparte. O IVE correspondente (21% da cantidade anterior) ascende a 17.840,34 euros. O importe total ascende a **102.794,36 euros**.

19. ASISTENCIA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL. Referencia 2021/00016085C

Corrección de erros do acordo do 8 de marzo de 2021 polo que se aproba a liquidación da poxa pública de obxectos perdidos.

Acórdase subsanar o erro material e aritmético, padecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2021, polo que se aproba a liquidación da poxa pública de obxectos perdidos 1992-2010, do seguinte xeito:

O importe da venda de obxectos acadou a cantidade de 9.258,50 €

A comisión correspondente á entidade do 10% deste importe acada un total de 925,85.

O IVE do 21% desta cantidade é 194,43 €.

A cantidade que a entidade terá que facturar ó concello será de 1.120,28 €

20. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia 2021/00016085C

Dar conta da resolución do 9 de marzo de 2021 da Secretaría de Estado de Hacienda sobre a subministración de información en relación coa prestación do servizo de transporte público.

Tómase coñecemento da “Resolución del 9 de marzo de 2021 da Secretaría de Estado de Hacienda, pola que se dictan instrucción relativas ao subministro de información polas entidades locais en relación coa prestación do servizo de transporte público; e acórdase remitir a información solicitada na mencionada resolución cos datos económicos contados no informe do director xerente de TUSSA contidos na proposta.

21. OFICINA ORZAMENTARIA. Referencia: 2021/00016303P

Aprobación do expediente de crédito extraordinario 2021/CREXT-03 por importe de 1.554.000 euros, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020 e con baixas por anulación do orzamento e do expediente suplemento de crédito 2021-SUPLE-02 por importe de 1.304.000 euros, financiado con remanente de líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020. Importe total do modificativo de crédito: 2.858.000,00 euros.

Acórdase:

1. Aprobar inicialmente o expediente de crédito extraordinario baixo o número de expediente 2021-CREXT-03 por importe de UN MILLÓN CINCOCENTOS CINCUENTA E CATRO MIL EUROS (1.554.000 EUROS) para a concesión de axudas no ámbito do comercio e para a execución, polo Concello, de actividades de promoción da actividade comercial, financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020 e con baixas por anulación. Este expediente terá o seguinte detalle:
 - 1.1. Financiamento crédito extraordinario: de conformidade coas solicitudes formuladas polo CX 31 de Comercio, ofinanciamento deste modificativo de crédito farase, por unha banda, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello 2020 e, pola outra, con baixas por anulación do orzamento.
 - 1.1.1. Con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais: 1.154.000,00 €
 - 1.1.2. Con baixas por anulación do orzamento : 400.000,00 euros.
2. Aprobar inicialmente o expediente de **suplemento de crédito baixo o número de expediente 2021-SUPLE-02 por un importe total de UN MILLÓN TRESCENTOSCATRO MIL EUROS (1.304.000,00 EUROS)**, para a concesión de axudas no ámbito do comercio e da hostalería financiado na súa totalidade con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do exercicio 2020. Desta cantidade, 600.000 euros son en concepto de axudas para o fomento do consumo no comercio e na hostalería local; e 1.004.000 euros para axudas aos establecementos da hostalería local para o financiamento dos seus gastos correntes.
3. Resumo do expediente de modificación de crédito:

EXPRESIÓN	IMPORTE
1.- Total crédito extraordinario.....	1.554.000,00 €
Total suplemento de crédito.....	1.304.000,00 €
2.- Financiamento	
a) Novos ingresos.....	
b) Baixas por anulación.....	400.000,00 €
c) Remanente de tesourería para gastos xerais	2.458.000,00 €

O importe total da modificación de crédito ascende a DOUS MILLÓNS OITOCENTOS CINCUENTA E OITO MIL EUROS (2.858.000 €).

22. Referencia: 2021/00014930S

Cesións de bens, propiedade e/ou uso a terceiros e outras administracións.

Acórdase ceder gratuitamente á Comunidade Autónoma de Galicia a propiedade da seguinte parcela:

PARCELA DOTACIONAL AS-19 do polígono 6-7 do Plan Parcial de Fontiñas, destinada a albergar un equipamento dotacional de titularidade pública. Ten forma trapezoidal e unhas superficie de 1.990 metros cadrados. Natureza xurídica: BEN DE DOMINIO PÚBLICO. Linda Norte, rúa Londres; Sur e Oeste, viario V-1 e leste, rúa Roma.